



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E O CONCELLO DE VALGA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO DENOMINADO “RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURAL MINEIRO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Concello de Valga o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Este convenio ten como obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e o Concello de Valga para a redacción do proxecto denominado “Recuperación do patrimonio Histórico cultural mineiro”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Concello de Valga, entidade local territorial de Galicia, na súa calidade de Administración Pública serve con obxectividade aos intereses públicos que ten encomendados e actúa de acordo cos principios de eficacia e servizo aos cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á Lei e ao dereito.

A redacción do proxecto dedicará especial atención ao carácter dinamizador da recuperación do antigo teleférico e a súa liña de vagonetas mineiras, así como á súa contribución a valorizar a totalidade do patrimonio cultural existente.

Contemplará a habilitación de terminais de acceso nos dous extremos do teleférico, deseñados para a posibilidade de albergar información sobre os distintos elementos do patrimonio cultural de Valga.

Incluirá un estudo de viabilidade que describa o proxecto a realizar e o modo de desenvolvemento, tendo en conta o apoio social, a viabilidade técnica e económica e os requisitos legais.

A valoración global estimada das actuacións previstas obxecto deste convenio ascende a CORENTA MIL SEIS EUROS (40.000,00 €), dos que a Consellería de Economía, Emprego e Industria achegará TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 09.20.734A.760.2 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Enerxía e Minas

galicia

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Enerxía e Minas

Ángel Bernardo Tahoces

(Asinado dixitalmente na marxe)



Xacobeo 2021

